ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 13 DE FEBREIRO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trece de febreiro de dous mil dez, sendo as doce horas, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandrz Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Manuel Parga Fernández

Non asisten:
D. José M. Francisco Mata Buyo (grupo municipal PSdG-PSOE)
D. Antón Sánchez García (grupo municipal BNG)

Así mesmo asisten:
A secretaria xeral: M.ª de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

RENUNCIA DE D. JOSÉ EDUARDO ZAPATA ROEL, COMO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Dase conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:
Con data 28 de xaneiro de 2010 e núm. 526, segundo Rexistro Xeral de Entrada neste Concello, D. JOSÉ EDUARDO ZAPATA ROEL, co NIF núm.: [redacted]*, concelleiro integrante desta Corporación municipal polo Partido Popular (PP), tralas Eleccións Locais que tiveron lugar o día 27 de maio de 2007, presenta escrito no que manifesta a súa renuncia a dito cargo.*
Con data 1 de febreiro, e núm. 693, segundo Rexistro Xeral Entrada, presentouse por Dª CONCEPCIÓN BABÍO VARELA, co NIF. núm.: [redacted]*, escrito no que manifesta que,*

estando incluída co núm. 4 na lista presentada polo PP nas Eleccións Locais do ano 2007, renuncia a aceptar o cargo de concelleira da citada candidatura neste Concello, trala renuncia presentada por D José Eduardo Zapata Roel, tendo en conta que é a seguinte na lista da citada candidatura.
D. Miguel Angel Naveira Campelo, co NIF [redacted], presenta o día 5 de febreiro, núm.de R.X.E. no concello 812, un escrito no que manifesta que no caso de ser proposto como concelleiro do Partido Popular, aceptaría o cargo.
En base ó exposto, e de acordo co previsto nos artigos 182 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREG) e, 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), así como o contido da Instrución da Xunta Electoral Central, de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais, e atendida a observancia das formalidades e demais requisitos do procedemento, proponse ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:
Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de concelleiro desta Corporación de D. JOSÉ E. ZAPATA ROEL, pertencente á lista electoral do Partido Popular.
Segundo: Así mesmo tomar coñecemento da renuncia a aceptar o cargo de concelleira desta Corporación a Dª CONCEPCIÓN BABÍO VARELA, pertencente á lista electoral do Partido Popular, e suplente do anterior.
Terceiro: Indicar que a xuízo desta Corporación, e, en consonancia co escrito presentado no concello, de data 5 de febreiro e núm. de Rexistro Xeral de Entrada 812, o nome da persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é D. MIGUEL ANGEL NAVEIRA CAMPELO.
Cuarto Remitir unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central, xunto cos escritos mencionados nos apartados anteriores, a efectos de que proceda á expedición da credencial acreditativa de Concelleiro electo, a favor do candidato indicado no apartado terceiro, incluído no lugar núm. 5 da lista electoral correspondente ó Partido Popular, co fin de proceder á cobertura desta vacante, previo cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.
O Pleno decidirá o que crea máis oportuno.
Bergondo, 10 de febreiro de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as dez concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás doce horas e quince minutos, remátase a sesión, de orde do alcalde en funcións, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

V. e Pr.:
A alcaldesa

M.ª de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez